

CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN A ÁREAS DE COÑECEMENTO DE PRAZAS DE PROFESORADO TITULAR DE UNIVERSIDADE

Unha vez aprobada no Consello de Goberno do 30 de abril de 2021 a Oferta de Emprego Público de PDI para o ano 2021, na que figuran 64 prazas de profesorado titular de Universidade, das cales se reservan 18 para persoal investigador con certificado I3 do programa Ramón y Cajal e doutros programas de excelencia nacionais e internacionais, de conformidade co disposto no artigo 35 do II Convenio colectivo para o PDI laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e co establecido no apartado 4.4 do Plan Plurianual de Profesorado (2019-2022) da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado en Consello de Goberno do 29 de marzo de 2019, resolvo abrir a convocatoria para a asignación das citadas prazas a áreas de coñecemento.

1. Obxecto

O obxecto desta convocatoria é a asignación de 64 prazas de profesorado titular de universidade a áreas de coñecemento que contén, na Universidade de Santiago de Compostela, con profesorado contratado doutor acreditado para este corpo docente. Do total de prazas ofertadas resérvanse 18 para persoal investigador con certificado I3 do programa Ramón y Cajal e doutros programas de excelencia nacionais e internacionais.

2. Requisitos

Poderán concorrer a esta convocatoria os departamentos cuxas áreas de coñecemento contén con profesorado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Ser profesor/a contratado/a doutor/a con dedicación a tempo completo na USC e estar en situación de servizo activo ou naquelas outras situacións administrativas que signifiquen o dereito á reserva de posto na USC.
- b) Estar acreditado ao corpo de Profesor/a Titular de Universidade.
- c) Non ter xerado unha praza de promoción a Profesor/a Titular de Universidade nas dúas últimas convocatorias resoltas.
- d) Non pertencer a unha área de coñecemento á que lle sexa de aplicación o disposto no apartado 4.4, parágrafo cuarto, do Plan Plurianual de Profesorado 2019-2022.

3. Tramitación das solicitudes e documentación

1. O/A profesor/a que desexe participar no proceso de asignación de cátedras deberá manifestar diante do seu departamento o seu interese en facelo. Para iso deberá cubrir e presentar no Departamento o formulario de **"Solicitud de promoción"** que se encontra dispoñible na páxina web do Servizo de Planificación de PDI. Xunto coa solicitude deberá presentar, se esta non figurase nos arquivos da USC, a credencial de acreditación ao corpo de Profesor/a Titular de Universidade e, de ser o caso, a certificación I3 e a acreditación da condición de egresado do programa Ramón y Cajal ou do programa de excelencia nacional ou internacional de que se trate.

2. Os/as directores/as dos Departamentos trasladarán ao Consello de Departamento as

solicitudes de promoción presentadas para que este adopte o correspondente acordo e solicite a asignación de prazas de Profesorado Titular de Universidade ás áreas de coñecemento a que pertencen os/as profesores/as acreditados/as solicitantes.

Os formularios que cumprimentará e presentará o Departamento son os seguintes:

a) **“Certificación do Consello de Departamento”**, na que se recollerá a relación do profesorado acreditado que solicitou a promoción, así como a data de celebración do Consello de Departamento en que se aprobaron as solicitudes de asignación de praza.

b) **“Solicitud de asignación de praza e de convocatoria de concurso de persoal docente funcionario do corpo de Profesor/a Titular de Universidade”**, na que se deberá indicar o perfil de cada unha das prazas solicitadas e o nome e categoría dos profesores/as solicitantes.

3. Os departamentos serán responsables de presentar a través do Rexistro Electrónico (Sede Electrónica) estes dous documentos, xunto coas solicitudes de promoción e, de ser o caso, a documentación achegada polos solicitantes.

Na páxina web do Servizo de Planificación de PDI https://www.usc.gal/gl/servizos/profesorado/asignacion_catedras.html están dispoñibles os formularios para este procedemento.

4. O profesorado que presentou solicitude de promoción en convocatorias anteriores a esta deberá reiterar a súa solicitude no marco desta convocatoria.

4. Presentación de solicitudes

As solicitudes de asignación debidamente cumprimentadas, xunto co resto da documentación sinalada no apartado 3, deberán ser presentadas polos departamentos ata o día 20 de setembro de 2021 a través do Rexistro Electrónico (Sede Electrónica).

A presentación das solicitudes fóra dos prazos e procedementos sinalados implicará a non admisión a trámite das solicitudes, o que significará non participar no proceso de asignación.

5. Proposta de asignación

1. Para a ordenación das solicitudes aplicaranse os criterios recollidos no apartado 4.4 do Plan Plurianual de Profesorado 2019-2022, que establece que as solicitudes de promoción que se presenten cada ano se ordenarán tomando como criterio a data de acreditación a profesor titular, da máis antiga á máis recente. Non obstante, no caso de que a acreditación sexa anterior á data de incorporación á categoría de contratado doutor, tomarase como data de referencia esta última.

2. En caso de empate, e de acordo co establecido no Plan Plurianual de Profesorado antes citado, empregárase como criterio de desempate a data (xa sexa de contratación ou de acreditación) que non se empregou para a ordenación, da máis antiga á máis recente. De persistir o empate, aplicárase primeiro o criterio de antigüidade total na USC e por último a data de obtención do título de doutoramento.

3. Unha vez ordenadas as solicitudes as prazas procederase a asignar ás áreas de coñecemento correspondentes as prazas dispoñibles, con indicación de se estas corresponden á cota xeral ou á reserva para investigadores do programa Ramón y Cajal e doutros programas de excelencia con certificado I3.

6. Lista provisoria e reclamacións

A Vicerreitoría de Profesorado fará pública a relación ordenada das solicitudes presentadas, con indicación das áreas ás que se asigna praza e da cota á que se asignan, e abrirá un prazo para examinar a documentación e presentar, de ser o caso, as oportunas alegacións, que serán resoltas pola citada Vicerreitoría antes da aprobación definitiva da asignación polo Consello de Goberno.

7. Asignación definitiva e creación de prazas de catedrático/a de universidade

Á vista da proposta da Vicerreitoría de Profesorado, o Consello de Goberno, co informe previo da Comisión de Organización Académica e Profesorado, aprobará as áreas de coñecemento e campus nos que se crean as prazas de profesor/a titular de universidade, seguindo o procedemento establecido para a modificación da Relación de Postos de Traballo.

8. Condicións da asignación

1. No caso de que o proceso de promoción se resolva cun incremento do número de efectivos nunha área de coñecemento, esta non poderá participar en ningún proceso de promoción a profesor titular de universidade durante un período de cinco anos.
2. Se o aspirante para cuxa promoción foi creada a praza non a consegue, non poderá solicitar unha nova praza de promoción ata transcorridos dous anos.
3. Unha vez resolto o concurso, as prazas de profesor/a contratado/a doutor/a que queden vacantes serán amortizadas.

9. Comisións de selección

1. Os departamentos proporán á Vicerreitoría de Profesorado o/a presidente/a e o/a secretario/a da Comisión de Selección así como un dos vogais, xunto cos seus respectivos suplentes.

O Departamento achegará ademais unha proposta de 6 candidatas e 6 candidatos entre os que se elixirán por sorteo os dous vogais restantes da Comisión de Selección e os seus correspondentes suplentes. O sorteo destes dous vogais realizarase no Servizo de Planificación de PDI de xeito que a Comisión de Selección cumpra cos criterios establecidos de paridade e universidade de procedencia dos membros.

A proposta de membros da comisión de selección farase a través do formulario "Proposta de comisión de selección de PDI funcionario acreditado". No enlace da web https://www.usc.gal/gl/servizos/profesorado/asignacion_catedras.html do Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigación están publicados os formularios para este procedemento.

En todo caso, co obxecto de axilizar o proceso de configuración das Comisións de Seleccións dos concursos, os departamentos aos que pertencen as áreas de coñecemento ás que se lle asigne provisoriamente unha praza deberán achegar ao Servizo de Planificación de PDI a proposta de comisión correspondente ata o 15 de outubro de 2021.

2. O Consello de Goberno aprobará, co informe previo da COAP, a composición das comisións de selección.

Norma adicional

Facúltase o Vicerreitor de Profesorado para facer as interpretacións que sexan necesarias na posta en marcha desta convocatoria.

Norma derradeira

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativo, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O reitor
P.D. (R.R. 30.04.2020– DOG 11.05.2020)
O vicerreitor de Profesorado
Ernesto González Seoane

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Taboleiro electrónico da USC

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ERNESTO XOSE GONZALEZ SEOANE, VICERREITOR DE PROFESORADO,
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 06/09/2021 13:47:02.

CSV: D358-F408-44D4-9401